

FOLLA RESUMO DA PROGRAMACIÓN

DEP. DE LINGUA GALEGA IES X. FERRO COUSELO - CURSO 2023/24

- **MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**
- **CURSO: 2º ESO**
- **PROFESORAS: M<sup>a</sup> Isabel Gil Cacheiro (grupos A e B) e M<sup>a</sup> Begoña Calvo Álvarez (grupos C e D)**
- **LIBRO DE TEXTO: *Lingua galega e literatura. 2º ESO.* Ed. Anaya.**

VINCULACIÓN TEMPORALIZACIÓN/CONTIDOS	SABERES MÍNIMOS ESIXIBLES	INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN
<p><b>1ª AVALIACIÓN:</b></p> <p><b>Unidades 1 a 3</b></p> <p>Realizaranse 2 probas escritas máis un control de lectura</p> <p><b>setembro/décembro</b></p> <p><b>Obra de lectura:</b> <i>Cartas de inverno</i>, de A. Fernández Paz. Ed. Xerais</p>	<p>-Comprender o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto sinxelo e explicar a interacción entre os diferentes códigos.</p> <p>-Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos.</p> <p>-Recoñecer e realizar a <b>división silábica</b> (ditongos, hiatos e tritongos) e distinguir os fonemas vocálicos.</p> <p>-Recoñecer os <b>elementos da comunicación</b>.</p> <p>-Recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.</p> <p>-Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e <b>estereotipos lingüísticos e prexuízos</b> sobre as linguas minoritarias e achegar solucións.</p> <p>-Observar unha pronuncia galega correcta.</p> <p>-Relatar situacións utilizando o vocabulario propio das <b>sensacións e dos sentidos</b>.</p> <p>-Redactar textos escritos con corrección sobre a diversidade lingüística.</p> <p>-Revisar os propios textos.</p> <p>-Recoñecer as <b>linguas da Península Ibérica</b> e as características básicas do portugués.</p> <p>-Identificar os <b>elementos da palabra e clasificala pola estrutura interna</b>.</p> <p>-Identificar, en textos dados, as propiedades de coherencia e cohesión.</p> <p>-Realizar un <b>esquema</b> a partir dun texto dado.</p> <p>-Elaborar un guión para un monólogo e dramatizalo.</p>	<p><b>1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN</b></p> <p><b>a) Táboas de indicadores:</b></p> <p>Oralidade, seguimento na aula e o traballo diario: <b>10 % da nota total da avaliación.</b></p> <p><b>b) Probas escritas:</b></p> <p><b>1.</b> Realizaranse, sempre que for posible, dúas <b>probas escritas</b>, sobre os contidos de lingua e literatura. Este apartado representará o <b>80% da nota total.</b></p> <p><b>2.</b> Probas das obras de lectura: <b>10% da nota total</b></p> <p>As faltas de ortografía e outras incorreccións lingüísticas penalizarán segundo sexan leves <b>(0.01)</b>, graves <b>(0.05)</b> ou moi graves <b>(0.1)</b> ata un <b>máximo de 1 punto</b> nos controis e exames de avaliación (e en todos os escritos corrixidos e avaliados, se a profesora o estima oportuno). Así</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Redactar textos relacionados co vocabulario da <b>escola</b>.</li> <li>-Utilizar ben o vocabulario da <b>saúde e as doenzas</b>.</li> <li>-Saber definir verbos.</li> <li>-Aplicar as regras de formación de xénero e número do <b>substantivo</b>.</li> <li>-Comprender ordes, interpretar o sentido dos textos.</li> <li>-Elaborar unha <b>escena teatral</b> seguindo as pautas do xénero</li> <li>-Realizar procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Usar correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos</li> </ul>	<p>como a non utilización da lingua galega como vehículo de expresión oral na aula.</p> <p style="text-align: center;"><b>AVALIACIÓN ORDINARIA</b></p> <p>A <b>nota da avaliación ordinaria</b> será a <b>media aritmética</b> das tres avaliacións. Se esta nota é <b>igual ou superior a 5</b> (independentemente de que algunha avaliación estea suspensa) o alumno estará aprobado na materia; de non ser así, terá que presentarse ás probas de recuperación.</p>
<p><b>2ª AVALIACIÓN:</b> <b>(Unidades 4 a 6)</b></p> <p>Realizaranse 2 probas escritas máis un control de lectura</p> <p style="text-align: center;"><b>xaneiro/marzo</b></p> <p><b>Obra de lectura:</b> <i>Tristes armas</i>, de Marina Mayoral. Ed. Xerais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñecer, en textos dados, as características formais e a estrutura dos <b>contos</b>.</li> <li>-Valorar a forma e o contido, e recoñecer o vocabulario de textos relacionados co campo semántico das <b>viaxes</b>.</li> <li>-Redactar textos escritos e multimodais sinxelos, usando <b>adxectivos explicativos e especificativos, e saber diferenciais</b>.</li> <li>-Recoñecer e usar <b>os graos do adxectivo</b> e realizar correctamente a formación de xénero e número.</li> <li>-Usar correctamente os <b>signos de puntuación</b>.</li> <li>-Recoñecer, en textos dados, as características formais e a estrutura de <b>textos expositivos</b>.</li> <li>-Comprender, interpretar e recoñecer as características da <b>novela</b>.</li> <li>-Clasificar os <b>pronomes persoais</b>, realizar a substitución pronominal e as contraccións do pronome persoal átono.</li> <li>-Planificar, redactar e presentar textos relacionados co campo semántico das <b>árbores e os froitos</b>. Coñecer o seu significado.</li> <li>-Utilizar correctamente o uso de <b>maiúsculas e minúsculas</b>.</li> <li>-Comprender gráficas.</li> <li>-Diferenciar tipos de novelas pola temática.</li> <li>-Coñecer e as pautas para realizar un <b>texto argumentativo</b> e recoñecer as súas características nun texto.</li> <li>-Coñecer o vocabulario da <b>paisaxe mariña</b>, redactar un texto usándoo correctamente, ademais de definir palabras dese campo semántico.</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN:</b></p> <p>De non obter unha cualificación positiva na avaliación ordinaria deberánse recuperar cunha proba/s aquelas avaliacións que estean suspensas e a nota que se saque nas recuperacións fará media coa nota das partes aprobadas para a nota final.</p> <p>De ter todas as avaliacións suspensas deberase ir a unha proba final cos contidos de toda a materia e esta contará o <b>100% da nota</b>.</p> <p><b>Non se farán recuperacións dos libros de lectura.</b></p> <p style="text-align: center;"><b>AVALIACIÓN FINAL</b></p> <p>1) A <b>nota final</b> no caso dun alumno aprobado, como se indicou arriba, será a media aritmética</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñece <b>prexuízos lingüísticos</b> que aparezan en textos.</li> <li>-Explicar e responder, coa axuda de pautas e modelos, a preguntas sobre textos da <b>lírica</b>.</li> <li>-Recoñecer os <b>verbos regulares e irregulares</b>, identificar modo e tempos e saber utilízalos correctamente.</li> <li>-Realizar narracións e <b>exposicións orais sinxelas</b>.</li> <li>-Reflexionar sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.</li> <li>-Saber usar a <b>diérese</b>.</li> <li>-Comprender o sentido dun <b>acróstico</b> e producir un.</li> <li>-Saber seleccionar información para realizar un <b>debate</b>.</li> <li>-Localizar e contrastar a información pertinente e realizar un guión para un debate.</li> </ul>	<p>das tres avaliacións.</p> <p>2) No caso dun alumno/a que tivese que ir á recuperación dalgunha parte, será esa nota a que faga media coas avaliacións aprobadas e o resultado da media será a nota final da materia.</p> <p>3) No caso dun alumno que vaia a unha recuperación de toda a materia, a nota que saque nesa proba será a que <b>representará o 100% da nota final.</b></p>
<p><b>3ª AVALIACIÓN:</b> <b>(Unidades 7 e 8)</b></p> <p>Realizaranse 2 probas escritas máis un control de lectura</p> <p><b>abril/xuño</b></p> <p><b>Obra de lectura:</b> Por decidir</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Detectar, a través de textos dados, as principais características das <b>noticias e</b> contrastar a información.</li> <li>-Valorar a eficacia dos procedementos comunicativos empregados nas noticias.</li> <li>-Comprender e interpretar o sentido global dun <b>texto xornalístico</b>.</li> <li>-Relacionar e comparar noticias de textos xornalísticos.</li> <li>-Analizar a forma da linguaxe poética, fixándose, por exemplo, nas <b>metáforas</b>.</li> <li>-Crear algún poema usando comparacións e metáforas.</li> <li>-Identificar as <b>modalidades oracionais</b>.</li> <li>-Usar correctamente o <b>B</b> e o <b>V</b>.</li> <li>-Planificar e redactar textos escritos sinxelos con vocabulario do campo semántico do <b>tempo meteorolóxico</b>.</li> <li>-Recoñecer as características básicas das <b>variedades dialectais do galego</b>.</li> <li>-Comprender e interpretar o sentido global e recoñecer o vocabulario do campo semántico de <b>Internet</b> e o <b>mundo dixital e da música</b>.</li> <li>-Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos musicais.</li> <li>-Utilizar correctamente o <b>uso</b> do <b>H</b> e do <b>S</b> e do <b>X</b>.</li> </ul>	<p><b>NOTA:</b> O uso de calquera caste de <b>medio fraudulento</b> na realización de probas, actividades, comentarios e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou a Final.</p>

- |  |   |  |
|--|---|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>-Identificar a estrutura e os elementos propios dos <b>textos dixitais</b>.</li><li>-Reflexionar sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información pola <b>Rede</b>.</li><li>-Realizar un traballo sobre os riscos no uso de Internet.</li><li>-Compartir os textos musicais que máis lle agradan, razonando a resposta.</li></ul> |  |
|--|---|--|